EQUIO

POCTEP transfronteirizo, oncoloxía

Equidade Oncolóxica Transfronteiriza | Cara á creación dunha comprehensive cancer care network (CCCN)

EQUIO é un proxecto innovador de 3 anos de duración destinado a consolidar unha rede transfronteiriza integral de atención oncolóxica entre Galicia e o Norte de Portugal, aliñado co Europe`s Beating Cancer Plan. O seu obxectivo central é garantir equidade no acceso a unha atención oncolóxica de calidade, promovendo a integración de servizos asistenciais, diagnósticos e tratamentos innovadores en dúas patoloxías oncolóxicas: o cancro de pulmón e o cancro colorrectal.

Para logralo, o proxecto engloba catro actividades chave. A primeira busca mellorar protocolos clínicos e desenvolver roteiros de paciente específicas para cancro de pulmón e colorrectal. A segunda actividade promove a medicina personalizada que optimizará decisións clínicas en casos complexos, incluíndo diagnósticos moleculares avanzados. A terceira busca estruturar e gobernar a Rede Transfronteiriza Integral de Atención Oncolóxica (CCCN-T-GNP). A cuarta fortalece as capacidades profesionais mediante formación especializada continua EQUIO achega un valor significativo en termos europeos ao abordar directamente os obxectivos estratéxicos do Europe?s Beating Cancer Plan, especialmente en materia de equidade, calidade asistencial e medicina personalizada.

Socios:

- Servizo Galego de Saúde - coordinadores
- Axencia Galega de Coñecemento en Saúde
- Instituto Português de Oncologia do Porto Francisco Gentil, E.P.E.

Orzamento total: 1.958.887,23 EUR
Período: 2026 - 2028
Páxina web:

CONTIDOS RELACIONADOS

Rexístrate na Kick-off do proxecto POCTEP EQUIO o dia 15 de abril no salón de actos da Consellería de Sanidade

- Galicia e Portugal avanzan na cooperación sanitaria transfronteiriza para mellorar a atención ás persoas con cancro a través do proxecto EQUIO
- O proxecto EQUIO celebrou a II xornada de traballo, celebrada no Instituto Português de Oncologia do Porto
- Acto de presentación do proxecto EQUIO 15 abril 2026
- O SERGAS e a ACIS presentan o proxecto de innovación transfronteiriza EQUIO para impulsar unha rede transfronteiriza integral de atención ao cancro